



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Persoal

Corrección de erro aritmético no que atinxe ao primeiro exercicio de diferentes procesos de selección de Administración especial, subgrupo A2, polo sistema de oposición

ANUNCIO

No BOP do luns do 16 de xaneiro de 2023 publícanse no BOP as bases dos procesos selectivos para a cobertura de 25 prazas de persoal funcionario de carreira, da escala da administración especial e de 3 prazas de persoal laboral fixo, polo sistema de oposición.

Detectado erro aritmético no que atinxe ao primeiro exercicio dos seguintes procesos selectivos:

Denominación	Grupo/Subgrupo	Nº prazas
Arquitecto/a técnico/a	A2	2
Enxeñeiro/a técnico/a industrial	A2	2
Músicos	A2	2 trompetas 1 fagot
Técnico medio/a de Deportes	A2	1
Técnico/a medio/a de Informática	A2	1
Técnico/ medio/a de Prevención e Seguridade Operativa	A2	1
Diplomado Universitario en Enfermería-DUE (Laboral fixo)	A2	1

Procédese a corrixir o mesmo nos seguintes termos:

ONDE DI

3. Primeiro exercicio (ata 30 puntos). Obrigatorio e eliminatorio

3.1 Consistirá en responder por escrito nun tempo máximo de 100 minutos un cuestionario tipo test de 86 preguntas (mais dez de reserva que se utilizarán para substituír aquelas do exame inicial que puidesen ser anuladas polo tribunal, logo dun acordo motivado ao respecto) con catro respostas alternativas das que só unha é correcta. O cuestionario será elaborado polo tribunal inmediatamente antes do comezo da proba e deberá estar relacionado coas materias do temario da convocatoria.

3.2 O cuestionario será cualificado de 0 a 30 e será preciso acadar un mínimo de 15 puntos para superalo. As persoas aspirantes que non alcancen esta puntuación serán eliminadas.

A puntuación calcularase de acordo con estes criterios:

Por cada resposta correcta outorgaranse 0,33 puntos.

Por cada resposta incorrecta restaranse 0,11 puntos.

As preguntas deixadas en branco non descontarán puntuación.

3.3 Ao finalizar o exercicio as persoas aspirantes poderán levar unha copia da súa folla de respostas.

No prazo de dous días hábiles desde a finalización da proba, o órgano de selección publicará na páxina web e no taboleiro de edictos e anuncios do Concello de Santiago de Compostela a relación de respostas correctas ás preguntas formuladas. As persoas interesadas poderán presentar as reclamacións que consideren oportunas referidas ás preguntas, ao seu contido e ao cadro de respostas correctas, no prazo de 5 días hábiles contados desde o día seguinte ao da súa publicación.

DEBE DICIR

3. Primeiro exercicio (ata 30 puntos). Obrigatorio e eliminatorio

3.1 Consistirá en responder por escrito nun tempo máximo de 100 minutos un cuestionario tipo test de 86 preguntas (mais dez de reserva que se utilizarán para substituír aquelas do exame inicial que puidesen ser anuladas polo tribunal, logo dun acordo motivado ao respecto) con catro respostas alternativas das que só unha é correcta. O cuestionario será elaborado polo tribunal inmediatamente antes do comezo da proba e deberá estar relacionado coas materias do temario da convocatoria.

3.2 O cuestionario será cualificado de 0 a 30 e será preciso acadar un mínimo de 15 puntos para superalo. As persoas aspirantes que non alcancen esta puntuación serán eliminadas.

A puntuación calcularase de acordo con estes criterios:

Por cada resposta correcta outorgaranse 0,348 puntos.

Por cada resposta incorrecta restaranse 0,116 puntos.

As preguntas deixadas en branco non descontarán puntuación.

3.3 Ao finalizar o exercicio as persoas aspirantes poderán levar unha copia da súa folla de respostas.

No prazo de dous días hábiles desde a finalización da proba, o órgano de selección publicará na páxina web e no taboleiro de edictos e anuncios do Concello de Santiago de Compostela a relación de respostas correctas ás preguntas formuladas. As persoas interesadas poderán presentar as reclamacións que consideren oportunas referidas ás preguntas, ao seu contido e ao cadro de respostas correctas, no prazo de 5 días hábiles contados desde o día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2024

O concelleiro delegado de Economía e Facenda, Persoal,

Contratación e Modernización da Administración Local

(PD Dto. Alcaldía 17/06/2023)

Manuel César Vila

2024/3560